Rexeitar, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	75,00
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	73,43
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	71,63
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	69,55
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		69,18
6	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS SA		66,35
7	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		62,26
8	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		50,42
9	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		49,71
10	VÍAS E SERVICIOS COMPOSTELA SL		48,95
11	GRUPO BASCUAS 2008 SL		42,23
12	OPAGA 003 SL		38,47
13	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	26,62
14	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA		18,99
15	HORDESCÓN SL		6,29

Requirir ao contratista CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida

na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito, de data 24 de maio de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 28-05-2019), foi requirida a mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 13.080,35 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, achegou a través de escrito de data 05 de xuño de 2019 a indicada documentación.

Tendo en conta o informe da Secretaria Xeral de data 20 de maio de 2019 sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” do concepto xurídico indeterminado “administración ordinaria”, con encaixe, en concreto, nos “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos”.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra CHANTADA.-Rehabilitación de firme LU-P-1802 "Chantada (N-540)-Sabadelle-Encoro Belesar", PK 1+675 a 5+000, LU-P-1804 "Touza (LU-P-1801)-Belesar-Ponte de San Fiz (LU-617)", PK 1+700 a 6+049, e LU-P-1809 "Chantada (N-540A)-Antas de Ulla (N-640)", PK 2+085 a 3+600 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 22 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO



MIGUÉLEZ SL, representada por D. Antonio Miguélez Díaz, no prezo de 316.544,47 € dos cales 54.937,47 € son de IVE; e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra CHANTADA.-Rehabilitación de firme LU-P-1802 "Chantada (N-540)-Sabadelle-Encoro Belesar", PK 1+675 a 5+000, LU-P-1804 "Touza (LU-P-1801)-Belesar-Ponte de San Fiz (LU-617)", PK 1+700 a 6+049, e LU-P-1809 "Chantada (N-540A)-Antas de Ulla (N-640)", PK 2+085 a 3+600 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 22 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL representada por D. Antonio Miguélez Díaz, no prezo de 316.544,47 € dos cales 54.937,47 € son de IVE; e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A
ADXUDICACIÓN DA OBRA DE: MONTERROSO.- ACONDICIONAMENTO LU-P-3305
“SATREXAS (N-640)- LIGONDE”, PK 4+010 A 5+300.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos: “(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 124.052,15€, dos cales 21.529,71€ son de IVE, correspondente á obra: MONTERROSO.- Acondicionamiento LU-P-3305 "Satrexas (N-640)-Ligonde", PK 4+010 a 5+300.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 22 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.



En reunión celebrada Pola Mesa de contratación, con data 05 de abril de 2019, deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como MONTERROSO.- Acondicionamiento LU-P-3305 "Satrexas (N-640)-Ligonde", PK 4+010 a 5+300 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 22 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

MONTERROSO.- ACONDICIONAMIENTO LU-P-3305 "SATREXAS (N-640)-LIGONDE", PK 4+010 A 5+300

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

124.052,15	
102.522,44	21.529,71

DE IVE
(partida
independente)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

6

MAXIMO

5.126,12

PRAZO DE EXECUCION:

MELLORAS			
IMP. SIN IVE	57,32	IMP CON IVE	82,53
IMP. GX e BI	68,21		

EMPRESAS / (GRUPO)		(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
		PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa 82,53	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados	%	%	
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	114.394,43 €	100,00	7.610,09	5.000,00 €	119/3	92,21%	7,79%	106.784,34 €
2	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	105.034,96 €	50,00	3.493,91	2.050,45 €	13/0	84,67%	15,33%	101.541,05 €
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL	111.522,88 €	0,00	0,00	200,00 €	9/0	89,90%	10,10%	111.522,88 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	83.375,05 €	0,00	0,00	0,00 €	45/1	67,21%	32,79%	83.375,05 €
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	98.001,53 €	101,00	6.585,07	5.126,00 €	178/4	79,00%	21,00%	91.416,46 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	122.811,37 €	900,00	73.534,23	0,00 €	6/0	99,00%	1,00%	49.277,14 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	99.834,00 €	45,10	2.995,55	2.563,06 €	13/0	80,48%	19,52%	96.838,45 €
8	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	99.220,00 €	100,00	6.600,75	2.000,00 €	14/1	79,98%	20,02%	92.619,25 €
9	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	95.744,00 €	0,00	0,00	871,44 €	190/3	77,18%	22,82%	95.744,00 €
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL	107.770,31 €	53,00	3.800,21	897,07 €	86/1	86,88%	13,12%	103.970,10 €
11	HORDESCÓN SL	116.348,51 €	24,00	1.857,72	521,49 €	18/0	93,79%	6,21%	114.490,79 €
12	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL	101.722,76 €	50,00	3.383,73	4.203,00 €	8/0	82,00%	18,00%	98.339,03 €
13	OVISIA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	100.793,00 €	0,00	0,00	0,00 €	37/1	81,25%	18,75%	100.793,00 €
14	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	119.427,00 €	225,00	17.876,62	5.100,00 €	194/4	96,27%	3,73%	101.550,38 €

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		106.784,34 €
2	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		101.541,05 €
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		111.522,88 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	83.375,05 €
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		91.416,46 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	49.277,14 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	96.838,45 €
8	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		92.619,25 €
9	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	95.744,00 €
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL		103.970,10 €
11	HORDESCÓN SL		114.490,79 €
12	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		98.339,03 €
13	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	100.793,00 €
14	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	101.550,38 €

MEDIA	NOVA MEDIA
96.954,37	91.712,50

BAIXA DESPROPORCIONADA	NOVA BAIXA
87.258,93	82.541,25

10% ARRIBA
106.649,80

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

A vista do anterior, observándose que a oferta presentada pola mercantil EXCAVACIONES SANTIÑOS SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 08 de maio de 2019, tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, en relación co requirimento á empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. En dito informe contéñense, entre outros, os seguintes extremos: “(...) polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, tendo en conta o establecido na cláusula 13 do PCAP, reitor da adxudicación da obra, solicitouse da empresa a súa xustificación, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles, a través de escrito de data 09 de abril de 2019, achegado polo canle do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura do día 11 de abril de 2019.



A empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, por escritos de data 24 de abril de 2019, con rexistro de entrada presentou xustificación no prazo outorgado, que unha vez recibida foi remitida ao Servizo de vías e obras da Deputación, para que emitira informe no prazo mais breve posible.

Polo Servizo de Vías e Obras, en data 30 de abril de 2019, achégase informe en relación coa xustificación da oferta da mercantil EXCAVACIONES SANTIÑOS SL no que, entre outros, constan os seguintes extremos: “(...)

Que a documentación aportada pola citada empresa non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou costes propostos en ningún dos aspectos referidos no texto legal:

Aforro que permita o procedemento de fabricación ou método de construción.

Solucións técnicas adoptadas ou condicións excepcionalmente favorables de que se dispoña para subministrar os produtos ou executar as obras.

Innovación ou orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos ou executar as obras.

Respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación.

A posible obtención dunha axuda do Estado.

Conclusión

Elévase o presente informe a trámite e consideración da Mesa de Contratación, si ben polo técnico que subscribe non se considera suficientemente xustificada a oferta anormalmente baixa da empresa EXCAVACIONES SANTIÑOS SL”.

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:

Rexeitar, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

A Mesa, por unanimidade, acordou aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á Acta, polo que se procedeu á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		114.394,43 €	17,81	100,00	8,89	5.000,00 €	4,88	31,58
2	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		105.034,96 €	35,06	50,00	4,44	2.050,45 €	2,00	41,50
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		111.522,88 €	23,10	0,00	0,00	200,00 €	0,20	23,30
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	83.375,05 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		98.001,53 €	48,03	101,00	8,98	5.126,00 €	5,00	62,01
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	99.834,00 €	44,65	45,10	4,01	2.563,06 €	2,50	51,16
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		99.220,00 €	45,79	100,00	8,89	2.000,00 €	1,95	56,63
8	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	95.744,00 €	52,19	0,00	0,00	871,44 €	0,85	53,04
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL		107.770,31 €	30,02	53,00	4,71	897,07 €	0,88	35,61
10	HORDESCÓN SL		116.348,51 €	14,20	24,00	2,13	521,49 €	0,51	16,84
11	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		101.722,76 €	41,17	50,00	4,44	4.203,00 €	4,10	49,71
12	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	100.793,00 €	42,88	0,00	0,00	0,00 €	0,00	42,88
13	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	119.427,00 €	8,53	225,00	20,00	5.100,00 €	4,97	33,50

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.



Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 16 de maio de 2019 adoptouse a seguinte Resolución: “(...)

Rexeitar, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil EXCAVACIONES SANTIÑOS SL, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	75,00
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		62,01
3	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		56,63
4	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	53,04
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	51,16
6	MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL		49,71
7	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	42,88
8	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		41,50
9	GRUPO BASCUAS 2008 SL		35,61
10	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	33,50
11	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		31,58
12	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		23,30
13	HORDESCÓN SL		16,84

Requirir ao contratista CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de data 24 de maio de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 28-05-2019, foi requirida a mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 3.445,25 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, achegou a través de escrito de data 05 de xuño de 2019 a indicada documentación.

Tendo en conta o informe da Secretaria Xeral de data 20 de maio de 2019 sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” do concepto xurídico indeterminado “administración ordinaria”, con encaixe, en concreto, nos “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos”.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra MONTERROSO.- Acondicionamiento LU-P-3305 "Satrexas (N-640)-Ligonde", PK 4+010 a 5+300 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, representada por D. Antonio Miguélez Díaz, no prezo de 83.375,05 € dos cales 14.470,05 € son de IVE; e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.



Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra MONTERROSO.- Acondicionamiento LU-P-3305 "Satrexas (N-640)-Ligonde", PK 4+010 a 5+300 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL representada por D. Antonio Miguélez Díaz, no prezo de 83.375,05 € dos cales 14.470,05 € son de IVE; e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO SIMPLIFICADO ABREVIADO, DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN, SON E ILUMINACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO III FESTIVAL INTERNACIONAL DE BLUES DE LUGO “BLUES MUSEUM”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Visto o Informe Xurídico- Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de produción, son e iluminación para a celebración do III Festival Internacional de Blues de Lugo “Blues Museum”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigos 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención de un resultado, distinto de unha obra ou unha subministración.



Non procede recurso especial en materia de contratación, dado que o valor estimado non supera os 100.000 euros. Tampouco é un contrato suxeito a regulación harmonizada.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado “sumario”, (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 159.6 da LCSP para contratos de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, xustifícase a non división en lotes desta contratación, no informe da Xefa de Servizo de Cultura, do seguinte teor:

“En relación á contratación das necesidades técnicas (producción, son e iluminación), para a celebración do III Festival Internacional de Blues de Lugo “Blues Museum” a desenvolver os días 19, 20 e 21 de xullo na Praza da Soedade e nos Xardíns do Museo, aos efectos do previsto no artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación a non división por lotes do obxecto do contrato, cómpre sinalar que non se procede a división por lotes posto que a relación independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultarían a súa

correcta execución, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes”.

O orzamento base de licitación para este contrato é de 23.846,66 euros, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE) na porcentaxe do 21% por un importe de 4138,68 euros, que se engaden aos 19.707,98 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O valor estimado do contrato é de 19.707,98 €.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da Intervención Xeral, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria seguinte do actual exercicio orzamentario 2019: 3340.22609.

Emitiuse informe de custes pola Xefa do Servizo de Cultura, no que se recolle que a valoración foi realizada con base nos prezos actuais de mercado e debúllanse os custos directos, indirectos, beneficio industrial e impostos.

As necesidades administrativas, a insuficiencia de medios e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe emitido pola Xefa do Servizo de Cultura.

A duración do presente contrato é desde o 17 de xullo ata o 22 de xullo de 2019, ambos incluídos.

Non se prevén prórrogas.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de



Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59, apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Tendo en conta o informe da Secretaria Xeral de data 20 de maio de 2019 sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” ou de “administración ordinaria”, que pode ter encaixe, en varios dos supostos seguintes:

Actos “que comprometan o porvir por tempo curto”, xa que a duración do contrato é de só seis días.

Actos “que se adoitan producir habitualmente ou de maneira reiterada”, posto que estamos ante a terceira edición do Festival ao que serve esta contratación.

Actos “que teñan escasa relevancia dentro da total actividade da entidade local ou sexan de escaso montante económico dentro do presuposto da entidade”, visto que o orzamento desta contratación é de 23.846,66 euros, fronte o orzamento total da Deputación que supera os 84 millóns de euros.

Tamén tería encaixe, esta contratación, no suposto previsto no mesmo Informe, antes referido, de “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos”, dado que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada de 24 de maio de 2019, adoptou un acordo de ordenación de impulso na tramitación dos procedementos de contratación que se relacionan no mesmo (relación de contratos pendentes de culminar) entre os

que se atopa a presente contratación, a fin de finalizar a fase de preparación de cada un deles: “Punto 12. Contratación das necesidades técnicas (producción, son e iluminación) para o III Festival Blues de Lugo “Blues Museum”. Consta no expediente a seguinte documentación: “orden de inicio, borrador do informe da necesidade da contratación”.

O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de produción, son e iluminación para a celebración do III Festival Internacional de Blues de Lugo “Blues Museum”.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 23.846,66 euros, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE) na porcentaxe do 21%, por un importe de 4138,68 euros, que se



engaden aos 19.707,98 euros de base, existindo consignación no orzamento xeral do ano 2019 por ese importe, na aplicación 3340.22609”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 320 TN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de 320 Tn de emulsión asfáltica para o Parque Móbil Provincial.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigo 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de subministros, de acordo co artigo 16 da LCSP punto 3 apartado a) que establece que, en todo caso, se considerarán contratos de subministración aqueles en que o empresario se comprometa a entregar unha pluralidade de bens de

forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 159 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, respetando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 159 da LCSP para contratos de subministración de valor estimado igual ou inferior a 100.000,00 euros.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade co previsto no artigo 99.3 da LCSP, tal e como se detalla no Informe de necesidade, remitido polo Xefe do Parque Móbil, que se incorpora ao expediente, a non división en lotes motívase polo feito de que “esta división conlevaría reducir a operatividade para realizar o suministro, xa que son actuacións concretas e puntuais, polo que se simplificarían as funcións de dirección e control. Unha división de prestacións resulta ineficiente e conlevaría unha dificultade engadida no control das prestacións, na recollida de material en planta, na tramitación de facturas e pagos, xunto coa propia identidade das prestacións, e a diferenza de custos en desprazamentos (etc)”



As obrigas que se deriven da presente contratación, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9201.210, por importe de 121.000,00 euros, segundo se recolle no Informe da intervención xeral.

O orzamento base de licitación da presente contratación que consta sinalado no PCAP, foi elaborado de conformidade co disposto nos artigos 100 e concordantes da LCSP, atendendo ao seguinte desglose (segundo datos aportados polo Parque Móbil da Deputación Provincial):

- Custos directos 79%
- Custos indirectos 15%
- Beneficio industrial 6%

Incorpórase ao expediente informe do Xefe do Parque Móbil no que se fai mención a que “para adecuar o cálculo do orzamento base de licitación neste contrato de subministración, tivéronse en conta a desagregación do mesmo nos seus custos directos (materias primas e custo do persoal), custos indirectos (gastos xerais de produción, comerciais, administración e financeiros) e outros custos eventuais, e o beneficio industrial do contratista. Para a estimación da súa correcta desagregación, realizouse consulta ao mercado. Na mesma liña se incorpora ao expediente informe do Servizo de Vías e Obras no que se xustifica o orzamento de licitación proposto.

Na documentación preparatoria do presente contrato e na cláusula 2.1 do PCAP xustifícase, conforme ao sinalado no artigo 28 da LCSP os fins institucionais, a natureza e extensión das necesidades administrativas a satisfacer mediante o mesmo, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, así como os factores de todo orde tidos en conta.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante a presente contratación, veñen determinadas polo abastecemento ao parque móbil provincial a fin de acometer os regos asfálticos precisos para executar o necesario mantemento e mellora da rede viaria provincial e, no seu caso, mediante a colaboración administrativa na conservación de vías municipais, na procura da viabilidade da extensa rede viaria local da Provincia de Lugo e en acadar maior seguridade para os seus usuarios. Constan relacionadas no “Informe da necesidade da contratación” incorporado ao expediente, emitido polo Xefe do Parque Móbil, que existen nestes momentos tres equipos de rego traballando na reparación de vías tanto provinciais como dos distintos concellos, para o cal é

necesario o subministro de emulsión asfáltica C65B2. Asimismo tamén se realiza subministro directamente a algún concello (...)

O prazo de duración será de cinco meses. Este prazo empezará a contar dende o día seguinte á sinatura da acta de inicio do contrato ou, no seu defecto, dende o día seguinte á formalización do contrato. As prestacións obxecto do contrato, segundo o previsto no PPT, executaranse neste iter temporal. Non se prevé a prórroga contractual.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

A licitación é electrónica ex. D.A. 16. A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado que o importe da mesma, en aplicación do establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018. Tampouco é susceptible de recurso especial en materia de contratación, na aplicación do art. 44 da LCSP, ao ter un valor estimado igual a cen mil euros.

Tendo en conta o Informe da Secretaría Xeral de data 20 de maio de 2019, sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” ou de “administración ordinaria”, que pode ter encaixe, en varios dos supostos seguintes:

Actos que comprometan o porvir por tempo curto, xa que a duración do contrato é de só seis días.

Actos que se adoitan producir habitualmente ou de maneira reiterada.



Actos que teñan escasa relevancia dentro da total actividade da entidade local ou sexan de escaso montante económico dentro do presuposto da entidade, visto que o valor estimado desta contratación é de 100.000,00 euros, fronte o orzamento total da Deputación que supera os 84 millón de euros.

Tamén tería encaixe, esta contratación, no su posto previsto no mesmo informe, antes referido, de actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos” dado que a Xunta de Goberno desta Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 24 de maio de 2019, adoptou un acordo de ordenación de impulso na tramitación dos procedementos de contratación que se relacionan no mesmo (relación de contratos pendentes de culminar) entre os que se atopa a presente contratación, aínda que con importe inicial inferior, a fin de finalizar a fase de preparación de cada un deles.

O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011);

nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da subministración de 320 Tn de emulsión asfáltica para o Parque Móbil Provincial.

2º.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobación do procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 159 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es)

4º.- Aprobación do gasto por importe de 100.000,00 euros, aos que se engadirá o imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%, por un importe de 21.000,00 euros, o que ascende a un total de 121.000,00 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.



Convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes no desenvolvemento de actividades de investigación tecnolóxica e a súa difusión no ano 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes no desenvolvemento das actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2019, que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e Universidade de Santiago de Compostela.

Dona Monserrat Valcárcel Armesto, Vicerreitora de Coordinación do Campus Lugo da Universidade de Santiago de Compostela achega escrito de solicitude, de data 30 de abril de 2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; e memoria de actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2019, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer fins compartidos polas partes que interveñen. Na memoria incorporada ao expediente explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este convenio afianzando na innovación tecnolóxica a investigación e a difusión de coñecementos.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación cooperativa ou de colaboración entre o Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial de Lugo,

Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo, en exercicio de competencias compartidas, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de desenvolver as actividades de investigación tecnolóxica e a súa difusión no ano 2019, non constituíndo prestacións propias dos contratos, para o que se comprometen a realizar aportacións segundo a desagregación que figura no borrador de convenio na súa cláusula cuarta, e os restantes compromisos asumidos ao longo do seu clausulado.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, define os convenios, dicindo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:



Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica aos convenios de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación entre a Deputación e USC, como administración pública vinculada a Comunidade Autónoma (art. 1 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro e publicados no DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014) configúrase como un aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, con cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas



deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alende o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

" 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

En canto a configuración xurídica da Caixa Rural Galega, debemos acudir ao establecido no artigo 2 (concepto de Caixa de Aforros) do Decreto Lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, do 31 de maio, sobre Caixas de Aforros de Galicia: "Entenderase por caixa de aforros, para os efectos deste texto refundido, a entidade financeira de carácter social, de natureza fundacional e sen finalidade lucrativa que, baixo o protectorado público exercido polo Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellería competente en materia de política financeira, dedícase á actividade financeira e á prestación de servizos conexos, destinando parte dos seus excedentes a accións sociais e contribuíndo a un maior desenvolvemento socioeconómico de Galicia".

Ademais, existe respecto destas entidades unha clara tutela ou intervención pública (art. 5 sobre "acción de goberno").

Compre destacar, entre outros, o artigo 7: sobre organización democrática, que sinala: "1. A estrutura e a composición dos órganos de goberno das caixas de aforros serán democráticas. 2. Os membros dos órganos de goberno das caixas de aforros coidarán dos intereses fundacionais da caixa, dos seus depositantes e dos do territorio onde estas desenvolvan a súa actividade, con plena independencia de calquera outro interese que lles puidese afectar. 3. Así mesmo, garantirán a transparencia e a eficacia nas actividades que desenvolvan, para o que favorecerán a participación dos impositores e clientes nos asuntos de interese para as caixas de aforros, difundirán de forma constante información obxectiva sobre a súa situación e promoverán o emprego das novas tecnoloxías da información"



Sinalar tamén que nestas entidades, que entre os seus concelleiros na asemblea xeral, figuran representantes da comunidade autónoma, entidades locais, empregados, impositores, etc. como así recolle o seu artigo 25 (TR de Caixas de Aforros de Galicia).

En canto a configuración xurídica da Confederación de Empresarios de Lugo debemos acudir, o dereito de asociación de empresarios (art. 7 CE), o establecido na Lei 19/1977, de 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, Real Decreto 873/1997, de 22 de abril, de sobre depósito dos Estatutos das Organizacións constituídas o amparo da Lei 19/1977 e artigo 87 do Estatuto dos Traballadores, sobre lexitimación das organizacións para negociar convenios sectoriais.

A Confederación de empresario de Lugo ven traballando dende hai corenta anos pola provincia e os intereses dos seus asociados; esta asociación está considerada como unha entidade relevante na defensa dos intereses empresariais e polo tanto do emprego na nosa Provincia. Sendo, neste caso, a encargada de divulgar e difundir as actividades de investigación tecnolóxica entre os seus asociados.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

A maior abundamento a disposición adicional 4ª da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, recolle as competencias que debe asumir a administración da comunidade autónoma en materia de educación (..), en cumprimento das disposicións da Lei

27/2013 (LRSAL) continuarán prestadas polos municipios (respecto dos que a Deputación ten unha competencia propia de cooperación, en tanto non se traspasen a comunidade autónoma e se establece un novo sistema de financiamento autonómico e local.

O artigo 3.3 da lei autonómica, de medidas urxentes de réxime local, precisa que non se entende como exercicio de novas competencias, a continuidade de prestacións ou actividades de fomento, xa establecidas en exercicios anteriores.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Neste sentido, compre citar a Lei 14/2011, de 1 de xuño, dispón no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “que esta lei establece o marco para o fomento da investigación científica e técnica e os seus instrumentos de coordinación xeral, co fin de contribuír a xeración, difusión e transferencia do coñecemento para resolver os problemas esenciais da sociedade. O obxecto fundamental é a promoción da investigación, o desenvolvemento experimental e a innovación como elementos sobre os que asentarse o desenvolvemento económico sostible e o benestar social. ”. Do mesmo xeito, o artigo 38 desta mesma Lei sinala en canto a cultura científica e tecnolóxica que “as Administracións Públicas fomentarán as actividades conducentes á mellora da cultura científica e tecnolóxica da sociedade a través da educación, a formación e a divulgación, e recoñeceran adecuadamente as actividades dos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación neste ámbito...”

O Artigo 1 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro e publicados no DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014, conceptúa a institución como administración pública, vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.

Establece o artigo 4.4 dos Estatutos da USC que, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela: “(...)propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. (...)”.



De acordo co artigo 146 dos seus Estatutos, a USC establecerá e manterá servizos básicos de apoio á docencia e á investigación e servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria, no marco dos artigos 39 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, de 11 de decembro, de universidades, en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos a sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais.

Segundo se establece no artigo 11 dos seus Estatutos, a USC conta con persoal docente e investigador, integrado polo persoal funcionario dos corpos docentes universitarios, polo persoal contratado para funcións docentes e investigadoras e polo persoal investigador en formación.

Sinalar que o convenio de colaboración se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria (neste caso multilateral), na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local, estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público–público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións a as dúas entidades de dereito privado, que é o desenvolvemento de actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas ano 2019, establécese esta relación multilateral de colaboración e cooperación nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas:

Aportación da Deputación Aplicación orzamentaria 4630.48900	Aportación da USC	Aportación da Caixa Rural Galega
9.500,00€	3.300,00€	50.000,00 €

Esta relación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e

dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental. Neste caso, ademais, impleméntase coa presenza de dúas entidades de orde privada, que defenden intereses colectivos (CEL) ou ben de carácter social, sen finalidade lucrativa, baixo o protectorado público e destinando parte dos seus excedentes a accións sociais e contribuíndo a un maior desenvolvemento socioeconómico de Galicia (Caixa Rural Galega).

A titularidade dos resultados será compartida no termos da cláusula quinta letra D do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...); cando menos no que fai referencia as administracións públicas que interveñen. En canto a Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo, debe aplicarse o artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: “Estarán tamén excluídos do ámbito da presente Lei os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais”. O convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei,



relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación de cooperación entre dúas administracións públicas e dous suxeitos de dereito privado, aínda que singular e cunha normativa especial de cobertura, con aportación ao fin común, de modo que a cooperación e/ou colaboración comprometida non ten natureza contractual, isto é, no obxecto e fins dos contratos regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro (art. 6.2); xa que logo non se constata onorosidade e connotación de prestacións, nos termos do art. 2.1 da LCSP, senón actuación para acadar un fin xeral compartido-común-coherente e compatible coas finalidades e obxectivos peculiares de cada unha das partes que interveñen no convenio. E mesmo que as entidades que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento aplicable segundo os razoamentos e consideracións expostas na circular de Secretaría Xeral de 2 de novembro de 2018, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, por canto o importe do convenio ten unha contía inferior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD).

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes no Desenvolvemento de actividades de investigación tecnolóxica e a súa difusión no ano 2019, cun orzamento total de 62.800,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 9.500,00 €.

2º.-Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 9.500,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 4630.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA ACTA DA SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE MAIO EN RELACIÓN CO ACORDO DE APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda retirar do Orde do Día o presente asunto en virtude do informe emitido pola sección de Actas e Asuntos Xerais.

10- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS.



Logo de ver a proposta do Sra. Deputado Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 10 de agosto de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 186, do 14 de agosto de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
A.C. NOIS	1.064,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver a proposta do Sra. Deputado Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos polo Servizo de Cultura; a Deputada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 22 de decembro de 2017; polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm.189, do día 18 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
BANDA DE GAITAS O COUREL	FILANDÓN DE MÚSICAS DO COUREL, CLASES DE GAITA E PERCUSIÓN	1.469,00
ASOC CULTURAL OS XOGRARES DE LEMOS	AUTURUXANDO EN LEMOS: FESTIVAL E FORMACIÓN MUSICAL	965,00
AUXLIA	CULTURA PARA A INTEGRACIÓN: ENTROIDO, NADAL, TEATRO, EXCURSIÓNS E VISITAS E XORNADAS DE CONVIVENCIA	1.199,00
A.C. ARGALLEIRAS TEATRO	OBRADOIROS DE TEATRO AFECCIONADO E CONTACONTOS	821,00
A.C. XISTRA DA RABACEIRA	CLASES DE GAITA, PERCUSIÓN E BAILE TRADICIONAL	947,00
A.C. O CASTELO	CABALGATA DE REIS, ENTROIDO, LETRAS GALEGAS, NOITE SAN XOÁN, MAGOSTO	983,00
ASOC AMIGOS DA GAITA GALEGA	CLASES PANDEIRETA, BAILE E GAITA, FESTIVAL INFANTIL, E OBRADOIRO PANDEIRETA	965,00
ASOC CULTURAL RECREATIVA MUSICAL LEDICIA	CURSOS, ACTUACIÓNS GRUPOS DE BAILE E DE MÚSICA, SEMANA CULTURAL, FEIRA DO BONITO	1.145,00
AA.VV. SAN PASTOR	VIAXE CULTURAL	713,00
ASOC. VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA RIOSECO	EXCURSIÓN, MAGOSTO, NADAL	893,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da



Mesa Técnica, na sesión do día 09 de novembro de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 095, do xoves 26 de abril de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades de actividades deportivas.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE
CLUB DE MONTAÑA O VERAL	ESCALADA

Por todo o exposto procede aceptar de plano a mencionada renuncia polo importe citado”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE LETRADO ASESOR ESPECIALISTA EN CONSULTIVO-CONTRATACIÓN DESTA DEPUTACIÓN, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesión de data 8 de marzo de 2019, aproba a convocatoria e bases para a provisión dun posto de traballo denominado Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación, de persoal funcionario a prover polo sistema de concurso específicos de méritos , facéndose publicas no Boletín Oficial da Provincia número 059, de 12 de marzo de 2019.

A vista da proposta de nomeamento realizada pola Comisión de Valoración, elévase á Xunta de Goberno para que adopte os seguintes Acordos:

1º.- Resolver definitivamente o proceso de provisión nomeando a Don Xoán Carlos Montes Somoza, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso específico de méritos, o posto de traballo número 989, denominado Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación, adscrito a Asesoría Xurídica, reservado a persoal funcionario, nivel complemento de destino 27.

2º.- Publicar o Acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 8”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta da Sentenza de 23 de maio de 2019 ditada pola Sala do Social do T.S.X de Galicia, fronte ao recurso de suplicación nº837/2019 interposto por esta Deputación fronte a sentenza ditada polo Xulgado nº1 de Lugo no procedemento: despido/ ceses en xeral 145/2018 seguido a instancia de D^a Paula María del Campo Rodríguez, e cuxo fallo dí o seguinte: *“que desestimando el recurso de suplicación interposto por la representación de la Diputación de Lugo contra la sentencia dictada por el Juzgado de lo Social N° 1 de Lugo de fecha de 18 de octubre de 2018 debemos confirmar íntegramente la resolución recurrida”*.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, dar cumprimento á citada Sentenza.

Segundo.- Dáse conta da Sentenza de 29 de marzo de 2019, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 256/2018-S, seguido a instancia de Dona María Teresa López Rodríguez fronte ó acordo plenario de data de 29 de maio de 2018 polo que se aproba definitivamente a proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Traballo desta entidade, no exclusivo particular do posto de *“Xefe de Unidade de Rexistro Xeral”* (BOP de 20 de agosto de 2018), desestimatoria do recurso interposto e se impoñen



as custas á parte demandante; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Desestimar el recurso contencioso administrativo interpuesto contra el acto administrativo objeto de este recurso. Se imponen las costas a la demandante con el límite máximo de 300 euros (más impuestos)”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceiro.- Dáse conta do Decreto nº224/2019 de 22 de maio ditado polo Xulgado do Social nº2 de Lugo, no Procedemento Despido/ Ceses en Xeral 97/2019, seguido a instancia de D. Enrique Flores Lamas fronte á Deputación en materia de despedimento, polo que acorda alzar a suspensión do procedemento e ter por desistida á parte demandante da súa demanda, acordando, así mesmo, o sobresemento das actuacións. A Xunta de Goberno queda enterada.

Cuarto.- Dáse conta do Auto de 30 de abril de 2019 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, no procedemento abreviado 345/2018-J, seguido por D^a María Jesús Moreno Baamonde fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial da administración, no que declara a terminación do procedemento por satisfacción extraprocesual e se ordena o arquivo do recurso, con imposición de custas a esta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGLAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.